

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014738	CPI Plurilingüe dos Dices	Rois	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI dos Dices, situado en Rois, provincia da A Coruña. Un centro que se sitúa no entorno rural, aínda que dalgún xeito existe certa dicotomía entre a cultura rural e a urbana pola súa proximidade a Santiago de Compostela; o alumnado desta idade visita a cidade con frecuencia pero tamén pode aproveitar o entorno máis naturalizado do rural para facer certas observacións. Tamén poderemos empregar esta dicotomía para establecer certas comparativas, pois un dos principais obxectivos será aprender a analizar a nosa realidade próxima.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 9 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 15 anos. Contamos cun alumno con TDAH e 3 alumnos que precisan RE. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PENSANDO NO MEU CENTRO	Buscar información e determinar o tema do proxecto en base aos seus intereses e relacionado coa mellora da convivencia no centro.	35	14	X		
2	INMERSIÓN NA MELLORA DO CENTRO	O grupo vai empezar a creación dos distintos puntos do proxecto para a creación do produto final do mesmo.	30	9		X	
3	ESTE É O NOSO PRODUCTO	Elaboración do produto final e presentación do mesmo.	35	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	PENSANDO NO MEU CENTRO	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a pegada dos residuos a nivel global e tamén particular	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	En todo traballo deberanse planificar as sesións para a realización de determinadas tarefas, de xeito previo. Fomentando a aprendizaxe organizativa		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Procuraremos de xeito constante introducir outras aprendizaxes,		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Aprenderemos o valor da flexibilidade e a resolución de problemas, valorando o traballo sistemático pero tamén certa capacidade de improvisación		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Sempre reflexionaremos de xeito conxunto sobre os resultados acadados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Todo traballo deberá ser entregado en prazo, presentado ao grupo e de ser o caso ao resto da comunidade.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	A competencia lingüística será das máis requiridas e traballadas		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha correcta oratoria nos discursos e exposicións orais		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Aprender a expresarnos e a traballar en equipo		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregaranse recursos dixitais, tanto na fase de documentación como de comunicación. Insistirase na importancia da consulta de fontes fiables, aprenderán a levar rexistro das fontes consultadas, e ampliaremos os coñecementos mediante o emprego de novas aplicacións e ferramentas informáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	INMERSIÓN NA MELLORA DO CENTRO	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática a tratar	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	En todo traballo deberanse planificar as sesións para a realización de determinadas tarefas, de xeito previo. Fomentando a aprendizaxe organizativa		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Procuraremos de xeito constante introducir outras aprendizaxes,		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Aprenderemos o valor da flexibilidade e a resolución de problemas, valorando o traballo sistemático pero tamén certa capacidade de improvisación		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Sempre reflexionaremos de xeito conxunto sobre os resultados acadados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Todo traballo deberá ser entregado en prazo, presentado ao grupo e de ser o caso ao resto da comunidade.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	A competencia lingüística será das máis requiridas e traballadas		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha correcta oratoria nos discursos e exposicións orais		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Aprender a expresarnos e a traballar en equipo		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregaranse recursos dixitais, tanto na fase de documentación como de comunicación. Insistirase na importancia da consulta de fontes fiables, aprenderán a levar rexistro das fontes consultadas, e ampliaremos os coñecementos mediante o emprego de novas aplicacións e ferramentas informáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	ESTE É O NOSO PRODUCTO	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática a tratar	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	En todo traballo deberanse planificar as sesións para a realización de determinadas tarefas, de xeito previo. Fomentando a aprendizaxe organizativa		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Procuraremos de xeito constante introducir outras aprendizaxes,		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os materiais e recursos máis axeitados		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Aprenderemos o valor da flexibilidade e a resolución de problemas, valorando o traballo sistemático pero tamén certa capacidade de improvisación		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Sempre reflexionaremos de xeito conxunto sobre os resultados acadados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Todo traballo deberá ser entregado en prazo, presentado ao grupo e de ser o caso ao resto da comunidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Acompañar as exposicións e discursos orais dunha correcta oratoria e expresión corporal		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Aprender a expresarnos e a traballar en equipo		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregaranse recursos dixitais, tanto na fase de documentación como de comunicación. Insistirase na importancia da consulta de fontes fiables, aprenderán a levar rexistro das fontes consultadas, e ampliaremos os coñecementos mediante o emprego de novas aplicacións e ferramentas informáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, adicaremos as primeiras sesións a exposición dos obxectivos finais da materia e a explicar en que consiste a adquisición de competencias trasnversais, facendo o alumnado cómplice dun proxecto moito máis amplo que a concreción dun determinado proxecto temático. Posteriormente e entre todos, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar. A proposta inicial parte de constituir un "Observatorio" sobre un tema concreto, investigando a realidade teórica e contrastándoa coa realidade próxima, de xeito que aprendendo a analizar o entorno e o mundo que constituímos dende un sentido máis crítico, afondando na profundidade das problemáticas. Propoñense en temáticas ambientais ou sociais.

Finalmente escollen a temática dos residuos e iniciamos un proxecto que terá dúas fases claras:

- A primeira fase tras a escolla, preocuparase en documentarse todo o posible sobre a tema: constituiremos dous grupos, o primeiro traballará o ciclo dos residuos e a necesidade de reducir, reciclar e reutilizar. O segundo grupo tomará nota do que se fai na nosa realidaade inmediata, deberá dar resposta a forma de reciclaxe existente nos concellos da comarca e máis concretamente no propio centro. Os traballos de documentación aproveitarán sempre as horas propias da materia.

- Tras unhas sesións de posta en común e reflexión decidimos a forma de comunicación

- A segunda fase do proxecto consiste en dar comunicación dos nosos resultados, trasladando a todo o centro dos Dices os resultados das nosas enquisas, observando a forma na que separamos na clase, elaborando materiais de concienciación, et.

- En todo momento a profesora estará atenta a xestionar e incluír aprendizaxes doutras materias ou competencias trasnversais. Por exemplo empregaremos aplicacións e recursos informáticos acordes ao estudado en Educación



Dixital, introduciremos porcentaxes en relación as matemáticas, trataremos de incorporar aprendizaxes de bioloxía, etc.

- En todo momento insistiremos nos distintos roles dentro do grupo e na secuenciación e temporalización dos traballos, aprendendo a organizarnos e a traballar en equipo
- En todo momento insistiremos na aportación que as nosas investigacións e esforzos poden aportar á comunidade
- Asemade a profesora ofrecerá recursos para ampliar os coñecementos: enlaces web, bibliografía ou documentais específicos, dos que de cando en vez poderemos ver certos extractos na aula.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, analizaremos o alcance e percorrido do proxecto "observatorio en verde" e decidiremos continuar coa mesma temática, insistindo na sensibilización co tema ao resto do alumnado, ou tratando outro tema ambiental. Tamén podemos abrir o observatorio social, se así o consideran. En calquera caso voltaremos a repetir o esquema en fases de documentación e comunicación, a reflexión conxunta e o traballo en equipo

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, analizaremos o alcance e percorrido do proxecto "observatorio en verde" e decidiremos continuar coa mesma temática, insistindo na sensibilización co tema ao resto do alumnado, ou tratando outro tema ambiental. Tamén podemos abrir o observatorio social, se así o consideran. En calquera caso voltaremos a repetir o esquema en fases de documentación e comunicación, a reflexión conxunta e o traballo en equipo

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de informática

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado, ordenadores para todo o alumnado e proxector.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial comprenderá unha observación do alumnado, escoitaremos as súas presentacións persoais para coñecer os seus intereses. Posteriormente realizaremos conversas sobre a súa comprensión sobre a exposición de competencias clave. O alumnado deberá expresarse sobre estas cuestións e despois propor ideas concretas para o desenvolvemento de proxectos.

Os resultados destas observacións daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	30	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### **Criterios de cualificación:**

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Escolla do tema e xustificación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superado o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.  
A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non aplica.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Considerando a diversidade do grupo prestarase especial atención o seguimento e consecución das actividades propostas por todos os membros do grupo, podendo facer as adaptacións pertinentes de xeito individual en caso de considerarse. Por exemplo, no formato de entrega ou na exención da comunicación oral.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe, sempre se ofrecerán recursos para ampliar os contidos, ou plantexaranse pequenos desafíos para mellorar os traballos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Traballo en equipo	X	X	X
ET.11 - Análise crítico da realidade e o mundo que nos rodea	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Programa de concienciación dirixido ao centro	Difusión informativa do proxecto: admite varias liñas de traballo pero en calquera caso excederá o noso espazo para ofrecer os resultados á comunidade educativa		X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición de resultados en medios de comunicación	En función dos resultados e vontade do alumnado considerase a opción de comunicar os nosos resultados ao conxunto da comunidade local mediante os medios de comunicación		X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Outros
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

#### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación do alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación ao remate de cada avaliación, ademáis aproveitarase a activación da aplicación Proens para plasmar por escrito os axustes ao seguimento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio de final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

## 9. Outros apartados